

CCR/Ra



Data Rexistro: 19/07/2024 09:42:57
Nº Rexistro: 2024000369

SAIDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 28 de xuño de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada D^a. Ana Laura Iglesias González:

17.8232.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E punto número 17. Rogos e preguntas. Ten a palabra dona Ana Laura Iglesias.

Sra. Iglesias González.- Si, gracias Presidente. A nosa pregunta é de ¿cando pensa o Presidente da Deputación deixar de presidir o Pleno da Deputación de maneira ditatorial, negando o uso da palabra á oposición e concedéndolla aos deputados e deputadas do Goberno de maneira discrecional sen sequera solicitala previamente?.

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D^a. Ana Laura Iglesias González.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Pregunta efectuada pola deputada do Grupo Provincial Socialista, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 28 de xuño de 2024:

1ª PREGUNTA:

¿Cando pensa o presidente da Deputación deixar de presidir o Pleno da Deputación de maneira ditatorial, negando o uso da palabra á oposición e concedéndolla aos deputados e deputadas do Goberno de maneira discrecional sen sequera solicitala previamente?

RESPOSTA:

A presidencia non ten constancia das prácticas referidas pola Sra. Deputada. O presidente promove o debate dos asuntos que figuran na orde do día do pleno, ordenando as intervencións conforme as regras de aplicación segundo a normativa vixente.

Asinado dixitalmente.



CCR/Ra



Data Rexistro: 19/07/2024 09:55:16
Nº Rexistro: 2024000371

SAIDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 28 de xuño de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado D. Paco Ferreira González:

17.8232.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E punto número 17. Rogos e preguntas. ...

..

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas. Ben, si, ten, doulle a palabra ao deputado Paco Ferreira.

Sr. Ferreira González.- ¿Está? Eu teño unha pregunta, non a tome como ironía, a verdade, é que estou moi interesado nese tema. A min me gustaría saber como se pode facer un con esa colección que lanzaron ustedes de primavera-verán, de camisetas, mochilas e todo este tema, porque a verdade que son moi bonitas e hai moitos veciños que están preocupados e me piden, me piden como podo facer ...

Sr. Presidente.- ¿Cal é a pregunta? Xa está feita. Vale. ¿Máis preguntas?. Bueno, damos por finalizado entón este Pleno ordinario e quedamos emprazados para o de xullo, que creo que é o 26.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Paco Ferreira González.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Pregunta efectuada polo deputado do Grupo provincial socialista, D. Paco Ferreira González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 28 de xuño de 2024:

1ª PREGUNTA:

Como se pode facer un con esa colección que lanzaron ustedes de primavera – verán, de camisetas, mochilas e todo este tema, porque a verdade que son moi bonitas e hai moitos veciños que están preocupados e me piden, me piden como podo facer...

RESPOSTA:

A Deputación de Pontevedra actualmente non dispón de ningunha desas coleccións. Non obstante, é probable que a voceira do grupo socialista poida facilitarlle material promocional das coleccións de primavera – verán e outono – inverno, adquirido polo goberno da corporación anterior, entre os que de seguro poderá encontrar un importante número de mochilas, neceseres, etc. que recolleu a dita deputada en dependencias da institución provincial nos últimos días de finalización do mandato, en xuño do ano 2023.

Asinado dixitalmente.





Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 28 de xuño de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado D. Cesáreo Mosquera Lorenzo:

17.8232.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E punto número 17. Rogos e preguntas. ...

..

Sr. Presidente.- Ten a palabra don César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas, Sr. Presidente. A miña pregunta, son dúas, bueno, son dúas, son, a propósito do que sae hoxe na prensa, dun acordo plenario que houbo aquí, primeiro ...

Sr. Presidente.- Sr. Mosquera, acórdese, pregunta, non exposición de motivos.

Sr. Mosquera Lorenzo.- No, no, no, vou alá, digo, o proxecto dos edificios centrais que se aprobou neste Pleno creo que contemplaba 300 metros de soto.

Sr. Presidente.- Pregunta, pregunta.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, aí dedúcese que son 500, ¿é verdade ou non?, ¿é verdade que aumenta o ocupado? Non, esa é unha. E segunda ...

Sr. Presidente.- Porfa, ¿cal é a pregunta concreta?

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si é verdade, porque non aparece claramente ...

Sr. Presidente.- Si é verdade que o espazo ..., repita por favor.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, que os 300 m. que se ocupaban en soto, dedúcese da prensa que aumentan a 500, ¿vale?, se é verdade ou non é verdade. E a segunda, a segunda é, houbo críticas feroces porque costaba oito millóns, ¿se é que é verdade que se vai pasar a 12?, porque houbo críticas, digo por parte de quen o presentou onte, digo se é verdade ou non, nada máis, por saber eses datos. Nada máis.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas. ...

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Cesáreo Mosquera Lorenzo.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).-
Presidencia.- Secretario.- Central.-



Pregunta efectuada polo deputado do Bloque Nacionalista Galego, D. César Mosquera Lorenzo, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 28 de xuño de 2024:

1ª PREGUNTA:

Que os 300 m. que se ocupaban en soto, dedúcese da prensa que aumentan a 500, ¿vale?, se é verdade ou non é verdade.

RESPOSTA:

Co obxectivo de mellorar a circulación e para manter a narración museográfica da Numancia para o seu acceso e localización, a superficie que se estima é de 500 m².

2ª PREGUNTA:

Houbo críticas ferozes porque costaba oito millóns, ¿se é verdade que vai pasar a 12?

RESPOSTA:

O orzamento definitivo establecerase no expediente de contratación de acordo coas necesidades técnicas da obra. É posible que o importe sexa superior ao anunciado polo goberno da Corporación anterior debido ao incremento dos prezos dos materiais nos últimos anos e a determinación precisa das necesidades da obra.

Asinado dixitalmente.

